

# MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO FACILITE OS ACCESOS ÁS FINCAS E A XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS DE PROTECCIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS



Manuel Pérez Vázquez, M<sup>a</sup>. Elvira Fernández Fernández e Rubén González Vázquez, concelleiros do Bloque Nacionalista Galego en San Cristovo de Cea, presentan ao pleno da Corporación a seguinte moción para o seu estudo, debate e aprobación.

## Antecedentes

Nestes días a veciñanza está recibindo unha **notificación** asinada polo alcalde informando e avisando aos veciños para cumprir con unha normativa vixente desde fai 17 anos (a lei 3/2007 de prevención contra os incendios forestais en Galiza), que ata agora se esqueceu.

O **concello**, como responsable das infraestruturas, **debería ser o primeiro en cumprir**, antes de esixir nada aos veciños. Así, debería **limpar os espazos públicos, pistas e camiños** (a maioría dos antigos camiños de carro están atuídos con matogueiras e árbores, así como eiras e campos públicos). Non se fai **uso debido dos medios propios** de que se dispón (persoal, tractores, etc.). Tampouco se solicitan as **axudas** (persoal e maquinaria) nos plans de prevención existentes dos que se podía conseguir moito máis e que outros concellos ben aproveitan. Non se abren pistas (caso de Lamas, que fai máis dun ano xa presentaron as firmas os veciños).

Os veciños carecen de información sobre da empresa SEAGA, creada no seu momento pola Xunta de Galiza para realizar estas tarefas a baixo custo para quen precise pagar por este traballos. Parece que os enormes incendios padecidos no concello non son suficientes para consideralo de “alto risco”. Aqueles que precisan de quen lles desbroce teñen difícil atopar alguén, nin existe un prezo regulado; tampouco serviron os abradoiros para formar ese persoal. Só temos esa notificación da alcaldía, apurando os prazos.

Lembramos que nas eleccións autonómicas pasou por Cea un conselleiro, falando do **aproveitamento das terras ermas** nesta zona e da creación dun **polígono agroforestal** na zona de Lamas, encargando ao alcalde do asunto, pero desde entón nada se soupo do tema. O BNG preguntará no parlamento de Galiza sobre diso. Mentres tanto, os veciños teñen que pagar por limpar sen obter produción algunha, soportar o xabarín e ver esmorecer lentamente todo o seu entorno. Diante deste caos **os poderes públicos deberían intervir**, activarse e facer algo.

## PROPOSTA á corporación municipal:

- 1- **Que o concello se responsabilice das súas obrigas no referente a limpeza de espazos e vías públicas, para que polo menos exista acceso ás fincas.**
- 2- **Que o concello busque solucións, contacte coa xunta e procure levar á práctica o encargo efectuado polo conselleiro á alcaldía: “hai que facer algo coas terras ermas de Cea”.**
- 3- **Informar ós veciños sobre que traballos deben facer en cada parcela concreta, e como contactar con SEAGA ou con persoal apto para facelos.**

San Cristovo de Cea, a 19 de novembro de 2024

Asdo: Manuel Pérez Vázquez    M<sup>a</sup> Elvira Fernández Fernández    Rubén González Vázquez

SR. ALCALDE DE SAN CRISTOVO DE CEA

